

XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASETE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: <u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u> JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D ^a MARIAN FERREIRO DIAZ D/D ^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D ^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D ^a NATALIA HERMIDA RICO D/D ^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D ^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D ^a PABLO VILLAMAR DIAZ <u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D ^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ <u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D ^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezasete de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior (03-03-16), a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO OENACH 2016.-

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento para a Subvención para o apoio, promoción e difusión do Oenach 2016, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI10I040:

Proxecto	Recreación dun Oenach Atlántico 2016
Importe total	22500 €
Financiamento externo	4500 €
Achega municipal	18000 €

Logo da publicación da concesión provisional, na que se coñecerá o importe exacto que se concede, procederá a aprobación definitiva do plan de financiamento, o que comportará a correspondente contabilización desde o Servizos Económicos dos importes aprobados.

SEGUNDO: Solicitar da Axencia de Turismo de Galicia a Subvención para o apoio, promoción e difusión do Oenach 2016, por importe de 3000 €.

A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde para o devandito proxecto.

TERCEIRO: Manifestar a conformidade deste Concello na colaboración de Abanca para o desenvolvemento desta festa, mediante a realización dunha achega económica de 1500 €, respectando en contrapartida o relativo á publicidade da entidade e á autorización da comunicación dos datos deste Concello á mesma para formalizar a citada colaboración.

CUARTO: Designar a este Alcalde-Presidente, D. José Manuel Blanco Suárez, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I01B**), este Alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello e ao órgano concedente a efectos da oportuna tramitación electrónica do expediente de subvención.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA INSTANCIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.-

Primeiro.- **Aprobar a modificación da instancia de comunicación previa de obras** que se acompaña a esta proposta, polos motivos citados na parte expositiva, **con efectos a partir do 19.03.2016**, data da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segunda.- Publicar esta instancia na páxina web do Concello a partir da súa entrada en vigor, para xeral coñecemento e accesibilidade a ela.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA TRAMITADA POLA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL CO OBXECTO DE POÑER EN PRÁCTICA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO 2016-2017.-

Dase conta da resolución da Alcaldía A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 .- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA APROBANDO A XUSTIFICACIÓN DO PERÍODO XANEIRO-XUÑO 2015, CORRESPONDENTES AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E AS ANPAS "GALATEA" E "A BUXAINA" E O CPI O FEAL EN MATERIA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE-NUTRICIÓN ESCOLAR.-

Dase conta de diversas resolucións:

1/ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Concello Pleno, en data 28-05-2015 aprobou, entre outros asuntos, o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o ANPA GALATEA, en materia de Educación para a saúde-Nutrición escolar.

Por Resolución da Alcaldía, de data 30-10-2015, aprobouse o pago da cantidade de 2.348,40€ como primeiro abono para o período xaneiro-xuño de 2015, correspondendo o 60% do importe asignado.

No capítulo 7.1 a) e b) do texto do convenio, se recollen as liquidacións que deben practicarse ao remate de cada período escolar para a regularización dos pagos realizados así como o pago do segundo abono do 40% unha vez xustificado o primeiro pago, asemade a prórroga automática segundo recolle o capítulo 8 do propio convenio.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia e que a periodicidade para celebrar sesións é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuício a terceiros, debido ás operacións de peche do exercicio contable 2015.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídicas ou territorial o fagan convinte.....”

De conformidade coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o convenio asinado entre o Concello de Narón e o ANPA GALATEA, aprobado polo Concello Pleno o 28-05-2015, esta xefatura do Servizo Sociocomunitario

PROPÓN a Alcaldía que **RESOLVA** :

Primeiro.- AVOCAR a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a ANPA GALATEA en materia de Educación para a Saúde-Nutrición Escolar, polos motivos expostos.

Segundo.- Aprobar a xustificación presentada polo ANPA GALATEA, con CIF : G-15245723 por importe de 2.035,94€ como primeiro abono, correspondente ao período xaneiro-xuño de 2015, unha vez reintegrada a diferenza de 312,46€ da cantidade de 2.348,40€ inicialmente abonada.

Terceiro.- Ordear o pago ao ANPA GALATEA, con CIF : G-15245723, do 40% restante do convenio por importe de 1.565,60€ como segundo abono, para os meses de setembro a decembro de 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 07.32600.48000.

Cuarto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

O Concello Pleno, en data 30-01-2014 aprobou, entre outros asuntos, o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a ANPA A BUXAINA, en materia de Educación para a saúde-Nutrición escolar.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 25-06-2015, aprobou a xustificación presentada polo ANPA A BUXAINA polo importe correspondente ao período setembro-decembro de 2014, así como dar conta da prórroga do convenio de maneira automática para o ano 2015, tal e como establece o capítulo 8.

Por Resolución da Alcaldía, de data 12-06-2015, aprobouse o pago da cantidade de 7.761,60€ como primeiro abono para o período xaneiro-xuño de 2015.

No capítulo 7.2 do texto do convenio, se recollen as liquidacións que deben practicarse ao remate de cada período escolar para a regularización dos pagos realizados.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia e que a periodicidade para celebrar sesións é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuício a terceiros, debido ás operacións de peche do exercicio contable 2015.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídicas ou territorial o fagan convinte.....”

No uso das facultades que lle confire a vixente Lexislación, esta Alcaldía ven en **RESOLVER:**

Primeiro.- AVOCAR a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a ANPA A BUXAINA en materia de Educación para a Saúde-Nutrición Escolar, polos motivos expostos.

Segundo.- Aprobar a xustificación presentada pola ANPA A BUXAINA, con CIF : G-15265885 por importe de 7.103,15€ como primeiro abono, correspondente ao período xaneiro-xuño de 2015, unha vez reintegrada a diferenza de 658,45€ da cantidade de 7.761,60€ inicialmente abonada.

Terceiro.- Ordear o pago ao ANPA A BUXAINA, con CIF : G-15265885, do 40% restante do convenio por importe de 5.174,40€ como segundo abono, para os meses de setembro a decembro de 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 07.32600.48000.

Cuarto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

O Concello Pleno, en data 30-01-2014 aprobou, entre outros asuntos, o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o CPI O FEAL, en materia de Educación para a saúde-Nutrición escolar.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 16-07-2015, acordou aprobar a xustificación presentada polo CPI O FEAL correspondente ao período setembro-décembro 2014, aprobou a xustificación presentada polo CPI O FEAL polo importe correspondente ao período setembro-décembro de 2014, así como ordear o pago da cantidade de 2.348,40€ correspondente ao período xaneiro-xuño 2015 e a prórroga automática do convenio para o ano 2015, tal e como establece o capítulo 8 do propio texto do convenio.

No capítulo 7.2 do texto do convenio, se recollen as liquidacións que deben practicarse ao remate de cada período escolar para a regularización dos pagos realizados.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia e que a periodicidade para celebrar sesións é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuício a terceiros, debido ás operacións de peche do exercicio contable 2015.

Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que “Os órganos superiores poderán avocar para sí o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídicas ou territorial o fagan convinte.....”

No uso das facultades que lle confire a vixente Lexislación, esta Alcaldía ven en **RESOLVER:**

Primeiro.- AVOCAR a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o CPI O FEAL en materia de Educación para a Saúde-Nutrición Escolar, polos motivos expostos.

Segundo.- Aprobar a xustificación presentada polo CPI O FEAL, con CIF : Q-6555032-I por importe de 2.058,10€ como primeiro abono, correspondente ao período xaneiro-xuño de 2015, unha vez reintegrada a diferenza de 290,30€ da cantidade de 2.348,40€ inicialmente abonada.

Terceiro.- Ordear o pago ao CPI O FEAL, con CIF : Q-6555032-I, do 40% restante do convenio por importe de 1.565,60€ como segundo abono, para os meses de setembro a decembro de 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 07.32600.48000.

Cuarto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN PADRÓN AUGA, CANON DE SANEAMENTO, ALUGUER DE CONTADORES E LIXO, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016.-

Unha vez confeccionado, pola Compañía de Servizos Medioambientais do Atlántico (COSMA) o padrón de contribuíntes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contadores e lixo, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2016, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.-Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2016, que comeza por “1906 S.C” e remata por “Zoila Castro de Blas”, cos seguintes importes:

AUGA	394.381,02 euros
SANEAMENTO	231.186,01 euros
CANON DE AUGA	138.525,49 euros
ALUGUER DE CONTADOR	8.624,42 euros
IVE	64.399,23 euros

TOTAL**1.543.513,32 euros**

2.- De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza Fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto ao público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP da Coruña. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do artigo 102 da Lei xeral tributaria.

3.- Durante dito prazo os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer contra o mesmo, e perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985.

4.- O prazo de ingreso en período voluntario será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública no BOP da Coruña. Transcorrido o prazo indicado, iníciarase o período executivo, que determina o devengo do recargo de prema e dos xuros de mora, de acordo co previsto na lei xeral tributaria.

5.- A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL



Asdo. - JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ



Asdo. - ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI